



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/07/2021 8:40:58

SAIDA 10537/21



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 76/2021**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por en representación da mediante escritos do 24 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. en representación da presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 24 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a información referente ao comedor do CEIP

O reclamante indicaba que o 17 de marzo de 2021 rexistrara tres solicitudes de información dirixidas a distintos órganos da consellería mencionada sobre a posibilidade de que a ANPA que representa pase a xestionar o servizo de comedor do CEIP e, de ser o caso, o procedemento necesario.

Dado que a reclamación a presenta en representación da de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, solicitouse a acreditación da representación que di ostentar, representación que acreditou mediante a

remisión de resolución do Rexistro de Asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de inscrición da xunta directiva.

Segundo. Con data do 2 de xuño de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración produciuse o 2 de xuño de 2021.

Terceiro. Con data do 11 de xuño de 2021 o secretario xeral técnico da Consellería contesta a petición remitindo o informe.

Neste informe, en resumo, indícase que o obxecto da solicitude carece do carácter de información pública.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O obxecto da solicitude foi “consultar sobre a posibilidade de quedar fóra do convenio [entre a Consellería e o Concello de Santiago de Compostela e en virtude do que este último xestiona o comedor do centro] [...] e que a [redacted] pasase a xestionar este servizo complementario”.

Neste sentido, ha de terse en conta que, da definición de información pública recollida no artigos 13 da Lei 19/2013 e 24 da Lei 1/2016, despréndese que a información solicitada debe obrar en poder da administración. Non é este o caso, pois non se solicita ningún documento relativo á xestión do comedor escolar, senón que o que parece pedirse é a elaboración dun informe. En consecuencia, ao pretender obter información que carece da consideración de información pública, cae fóra do ámbito regulado pola Lei 19/2013 e, por conseguinte, das competencias desta Comisión.

En efecto, a solicitude aproxímase a unha petición realizada ao abeiro do artigo 29 da Constitución, que conta coa súa propia lexislación e co seu procedemento diferenciado (Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro). As súas garantías figuran recollidas tanto na Lei orgánica referida como nos artigos 53 e 54 da Carta Magna, e entre elas atópase o Valedor do Pobo de Galicia (art. 14 Estatuto de autonomía de Galicia e Lei 6/1984, do 5 de xuño), mais non a Comisión da Transparencia de Galicia.

Por tanto, de conformidade co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a inadmisión da reclamación presentada, ao non poder considerarse unha solicitude de acceso á información pública, de conformidade co disposto nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da Lei 19/2013.

Finalmente, cómpre sinalar que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle

que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] con data do 24 de maio de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a información referente ao comedor do CEIP [REDACTED].

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.07.02 13:03:04 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.